

1. Traballos previos.

Faise constar que o inicio das obras establecerase, propiamente, co levantamento do centro de traballo, asumindo a globalidade das medidas de seguridade e protección regulamentarias recollidas no plan de seguridade e saúde da obra.

Designarase na obra o espazo necesario para almacenar o material, dispoñendo tamén de espazo necesario para os residuos da obra que posteriormente se retirarán a vertedoiro autorizado.

Manterase a edificación pechada con elementos que impidan o paso á obra de persoas alleas á mesma.

En primeiro lugar procederase á desconexión das instalacións de electricidade, fontanería e saneamento, para a continuación realizar a desmontaxe das mesmas.

Levantaranse as pezas ou aparellos sanitarios existentes e disporanse no espazo de obra para almacenamento de residuos.

Demolerase parte da tabiquería interior correspondentes aos vestiarios e aseos, retirando previamente a carpintería interior. Nalgúns tabiques existentes haberá que picar e retirar o alicatado de azulexo.

Debido ao mal estado do pavimento actual, éste será raspado e lixado, para posteriormente aplicar un novo pavimento sobre a soleira existente.

2. Rede de saneamento

Prevese a substitución da rede xeral de saneamento existente, polo tanto construíranse novas arquetas e instálase unha nova rede de tuberías axeitadas ás necesidades do proxecto de reforma.

Anularase a rede actual de saneamento dos vestiarios.

3. Albanelería

A tabiquería interior será realizada mediante fábrica de ladrillo oco dobre colocado a tabicón nuns casos, e a ½ pé noutros.

Nos casos en que esté proxectado aplicar alicatado de azulexo, a tabiquería irá revestida mediante enfoscado de morteiro de cemento e área. Nos casos en que non esté previsto azulexar, o revestimento será mediante xeso proxectado.

As zonas de duchas serán realizadas "in situ", dotándoas das pendentes axeitadas cara os desaugadoiros. Os paramentos verticais en contacto coas duchas serán impermeabilizados previamente ao revestimento.

Colocarase falso teito de escaiola lisa na zona de vestiarios, para facilitar a colocación da instalación de iluminación.

As paredes laterais baixo as cerchas da estrutura, que agora tamén quedarán vistas, remataranse con elementos lixeiros, como un trasdosado autoportante con pranchas de cartón-xeso ou similar, cun espesor mínimo de 13mm, e o posterior pintado das mesmas.

4. Fontanería, pequeno saneamento e aparellos sanitarios.

A instalación de fontanería executarase en canalizacións de polietileno reticulado homologada, con derivacións independentes para cada aparello dende un colector en cada local húmedo.

As canalizacións de desaugüe dos distintos aparellos sanitarios serán feitas con canalizacións independentes para cada un ata a baixante. O manguetón do inodoro desauga directamente á baixante. Os demais aparellos dispoñen de sifón individual.

As baixantes e derivacións serán de PVC ou similar. As unións entre as distintas pezas faranse con colas sintéticas impermeables e as suxeccións faranse mediante abrazadeiras a intervalos inferiores 1.50 metros. As derivacións terán unha pendente mínima do 1 %.

Os aparellos sanitarios serán de calidade standard, compostos por lavabos, inodoros, e urinarios murais; todos de porcelana branca vitrificada. A grifería será mediante mezcladores monomando cromados.

Dotarase aos vestiarios e aseos do equipamento necesario para o seu funcionamento: espellos, dispensadores de xabón, de papel hixiénico, etc.

Os aseos de minusválidos contarán coas asas e aparellos necesarios segundo a normativa.

5. Instalación eléctrica e iluminación.

Situaranse os puntos de luz, tomas de corrente, cadros de distribución e circuitos, segundo a memoria complementaria de instalacións de electricidade e os correspondentes planos da instalación eléctrica do proxecto.

Empregarase aparallaxe eléctrico de primeira calidade e marca homologada AENOR.

As instalacións que se proxectan axustaranse ao vixente Regulamento Electrotécnico para Baixa Tensión, súas Instrucións complementarias, Normas UNE e normas particulares da compañía suministradora para as instalacións de enlace.

Realizarase unha nova instalación eléctrica completa na zona de vestiarios e aseos. Na zona de xogo e gradería substituiranse tódalas lámpadas para axustarse á normativa vixente. E no exterior situaranse dúas lámpadas próximas ás entradas do edificio.

6. Instalación de ventilación.

Nas zonas de duchas e lavabos dos vestiarios, serán instalados extractores para ventilación dos mesmos.

No recinto de xogo proxéctase a instalación dun sistema de ventilación independente do dos vestiarios, mediante extracción controlada de aire e entrada natural. Este sistema de ventilación permitirá manter un caudal constante no interior do recinto, aconsellándose como mínimo 6 renovacións por hora durante o uso das instalacións. A entrada natural de aire produciríase pola fachada principal, mediante reixas fixas formadas por lamas de aluminio lacado; mentras que a extracción tería lugar pola fachada posterior, mediante extractores murais helicoidais protexidos polo exterior con persianas de sobrepresión.

7. Instalación de protección contra incendios.

Cumprirase o DB-SI, sobre seguridade no caso de incendio, dotando á zona de vestiarios das instalacións necesarias.

8. Carpintería interior.

A carpintería interior correspondente ás portas de paso xerais, será en madeira lacada en cor, de fabricación standard, con portas de paso lisas, guarnicións e sobremarcos da mesma madeira, sobre premarco de pino roxo.

As divisións entre aseos será realizada mediante taboleiro fenólico compacto, con alta resistencia á humidade e aos golpes.

As portas acristaladas levarán vidro liso translúcido laminado.

Proxéctase a colocación dun zócalo de táboa de madeira na zona de terreo de xogo, para evitar o manchado das paredes e os golpes.

Sinalaranse as medidas e despeses no correspondente plano e memoria de carpintería.

9. Carpintería exterior.

Substituiranse as portas de acceso á edificación, que serán realizadas en aluminio lacado, con perfilaría con rotura de ponte térmica. Sendo o acristalamento laminado con espesor mínimo 3+3mm. Sinalaranse os despeses e aperturas segundo o correspondente plano de memoria de carpintería.

Tamén será substituído o portal de acceso ao terreo de xogo, por portas acristaladas translúcidas.

Tódalas portas exteriores disporán de pechadura antipánico homologada.

10. Acabados.

O pavimento da zona de vestiarios será mediante baldosas de gres porcelánico antiesvarante. Os revestimentos serán de alicatado de azulexo nas zonas húmidas, e de xeso proxectado e pintado nas zonas secas.

11. Pinturas.

Prevese pintar toda a edificación, tanto polo interior como polo exterior.

No interior, nas zonas de vestiarios e aseos empregárase pintura plástica antimoho e bactericida. Nos paramentos do terreo de xogo e graderíos proxectase aplicar pintura plástica resistente ao rozamento.

Os elementos metálicos como varandas, serán pintados en cor con esmalte sintético.

Polo exterior, aplicarase pintura plástica impermeable á auga e apta para paramentos exteriores.

12. Sinalización.

Colocarase placas indicadoras de metacrilato para identificar os diferentes usos e espazos.